

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

ANUNCIO do 16 de setembro de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, polo que se dá publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

De conformidade co establecido na disposición adicional quinta do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo) e con base nos criterios reitores para a mobilidade interna no ámbito de atención especializada aprobadas pola mesa sectorial o 23 de decembro de 2009, modificados polo Acordo do 31 de xaneiro de 2014 e, logo das negociacións mantidas coas seccións sindicais CC.OO., CIG, CSIF, O'MEGA, SAE, SATSE e UXT, asináronse, o 17 de xullo de 2024, as bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

A Área Sanitaria da Coruña e Cee, con base nas competencias atribuídas pola Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), modificada pola Orde do 25 de maio de 2020 (DOG núm. 103, do 29 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Anunciar a convocatoria do procedemento de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos do Hospital Público de Cee correspondente ao ciclo anual de 2024.

As bases íntegras da presente convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios do Hospital Público de Cee e na páxina web do espazo do profesional.

As solicitudes para participar no presente procedemento axustaranse necesariamente ao formulario electrónico existente na Oficina virtual do profesional (FIDES/procesos/mobilidade voluntaria interna) e, logo das súa formalización electrónica, unha vez impresa, deberá



presentarse no Rexistro do Hospital Público de Cee ou en calquera dos rexistros referidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais lugares previstos no artigo 10 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 16 de setembro de 2024

Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

